CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



# Nós somos elas

*Vinte e catro poetas arredor das fotos do Arquivo Vidal*

AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BOVEDA

Deputación DA CORUÑA

Concello de Laxe

Confederación de Empresarios de La Coruña

Cesión da exposición
(BOP nº 208, do 2 de novembro de 2021



Nós somos elas
Vinte e catro poetas
arredor das fotos do Arquivo Vidal
O Arquivo Vidal do Concello de Laxe atesoura un patrimonio de arredor das setenta mil unidades fotográficas, setenta mil instantes da vida dun pobo. Os retratos femininos de José Vidal (1900-1988) van alén dos documentos, das fotos familiares, das enviadas aos emigrantes, acadando ás veces unha profundidade psicolóxica inquedante.
Ana Romaní
Antía Otero
Berta Dávila
Chus Pato
Clara Vidal
Dores Tembrás
Eli Ríos
Emma Pedreira
Estíbaliz Espinosa
Eva Veiga
Helena Villar Janeiro
Lucía Aldao
Lucía Novás
Luz Pozo Garza
María do Cebreiro
Marica Campo
Marta Dacosta
Medos Romero
Mercedes Queixas
Miriam Ferradàns
Olga Patiño
Pilar Pallarés
Rosalía Fernández Rial
Yolanda Castaño
Deputación DA CORUÑA
ALEXANDRE BÓVEDA
Concello de Laxe
LG




Clara Vidal
en poucos rostros o que sostén
pedra e a memoria.
Retrato de Clara Vidal: Inés Regueiro Roca


Desde o límite do tempo
miramos o medo cos ollos tristes dunha vaca.
Estas son as nosas únicas armas: pedra, madeira, coiro,
e o sorriso da máis nova,
que aínda non foi maneada.
Emma Pedreira
Autorretrato de Emma Pedreira


Non hai máis porta aberta de porta para dentro
que os ollos a fitaren un porvir ou a sombra.
O mar, o mar viaxa coas crebas do naufraxio.
Alén, talvez, a porta; alén, talvez, a area.
Marica Campo


Mercedes Queixas Zas
Como espir a noite
lonxe
en olladas vagalume
para volver acordar o día
as mans do traballo?
cec


Mercedes Queixas Zas
Como espir a noite
lonxe
en olladas vagalume
para volver acordar o día
as mans do traballo?


Lucía Aldao
Ninguén dubida da enorme beleza desta estampa.
O mellor: que non fixeches caso cando che pediron que


mans
firmes, doces mans
mans que os abeiran
a ti
contigo
para que eles non partan
eles non
partan
Marta Dacosta
Retrato de Marta Dacosta: Tokio


Miriam Ferradans


Deputación
DA CORUÑA
Retrato de Pilar Pallarés: Maribel Longueira


Na colmea
as abellas nunca teremos
cintura de avespa
Antía Otero
Fuente


Pato
Virá a guerra
terán a ledicia das cores,
as medidas dos corpos que
Virá a guerra, saberán
Pato: Xoel Gómez


Yolanda Castaño
Pero manteñámonos xuntas, abrigadas
mentras nos temos a nosoutras.
Ao pé de todos os alpendres, das
Historias precarias e do frío, ti pilar, ti
columna de sostén mamá, abrigo
mentras nos temos a nosoutras.
Retrato de Yolanda Castaño: Alberto Pombo


El, que está lonxe, dime que ten que pensar sobre esta imaxe
e estas sete rapazas, xa para sempre mozas,
ollan cara a el desde a outra beira da morte e dille que a aventura ainda non rematou.
María do Cebreiro


El, que está lonxe, dime que ten que pensar sobre esta imaxe
e estas sete rapazas, xa para sempre mozas,
ollan cara a el desde a outra beira da morte e dinlle que a aventura aínda non rematou.
María do Cebreiro
Retrato de María do Cebreiro: Frankfurt


Medos Romero
Aí tendes o xesto da dignidade coa súa firmeza:
a matriarca, as mans da terra!
Aí os seus froitos de brancura, bolboretas en luz.
Perpetúase un instante breve
de pudor en fermosura.
Agóchase unha mourume densa e cotiá.
O peso da humildade sostido pola ausencia.
Non é posíbel xa arredar esa feble
sensación de desamparo.

CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

# GRACIAS

AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BOVEDA

Deputación DA CORUÑA

Concello de Laxe